



PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO E CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E DE MATERIAL ESCOLAR PARA O ANO 2020/21

A Consellería de Cultura, Educación e O.U. publica a *ORDE do 12 de maio de 2020 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2020/21.*

As solicitudes presentaranse por vía electrónica a través da aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) ou de forma presencial nas dependencias do centro.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: do 20 de maio ao 19 de xuño de 2020

Tipo de axuda	Alumnado destinatario (1)	Renda per cápita (2)	
		Igual ou inferior a 6.000,00 €	Entre 6.000,01 € e 10.000,00 €
PARTICIPACIÓN EN FONDO SOLIDARIO Asignación de libros dispoñibles no centro por orde inversa á renda per cápita ata esgotar existencias.	3º, 4º, 5º e 6º de Primaria 1º, 2º, 3º e 4º de ESO	6 Libros	4 Libros
VALES DE AXUDA PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO	1º e 2º de Primaria	210,00 €	140,00 €
VALES DE AXUDA PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR	Primaria ESO	50,00 €	

REQUISITOS:

- (1) Ser pai/nai/titor ou titor/a legal **do alumnado que espere realizar o curso referido** nun centro sostido con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia durante o curso escolar 2020/21.
- (2) Para a determinación **da renda per cápita familiar** terase en conta a **suma dos valores dos recadros 435 e 460 da declaración da renda do ano 2018 dividido entre o número de membros computables da familia a 31 de decembro de 2018**. Os membros con discapacidades recoñecidas superiores ao 33% computan como dúas persoas.

OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS:

As persoas beneficiarias de libros procedentes do fondo solidario do centro ou de axudas para adquirir libros de texto terán as seguintes obrigas:

- **Devolver os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario no presente curso 2020/21.** Está excluído da obriga de devolución dos libros de 1º e 2º de EP, o alumnado de EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, e o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo a que se refire a disposición adicional segunda, sempre que os libros ou o material adquirido non se poida reutilizar. A falta de devolución dos libros de texto, sexan do curso inmediato anterior ou de calquera outro, será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2020/21.
- **Conservar en bo estado os libros** de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario ou adquirido coas axudas para libros de texto no curso escolar 2020/21 e devolvelos ao rematar este, en xuño ou setembro, segundo o caso.
- Destinar o importe do vale para libros a adquirir os libros de texto que indique o centro.
- Destinar o importe do vale para material a adquirir o material escolar que necesite.
- Respetar as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR:

- Formulario ANEXO I cuberto e asinado por tódolos membros computables da familia que obteñan ingresos. A solicitude será ÚNICA PARA TODOS OS FILLOS MATRICULADOS no centro e para calquera das axudas que se soliciten.
- ANEXO II (Comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar)
- Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familiar. En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais a sentenza xudicial e/ou, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor. Excepcionalmente, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:
 - Certificado ou volante de convivencia
 - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

PROCEDEMENTO

As SOLICITUDES serán tramitadas **por orde de presentación**.

As listas provisionais de beneficiarios publicaranse o 10 de xullo de 2020. As definitivas de Primaria o 20 de xullo e da ESO o 14 de setembro.

Os VALES serán emitidos ao longo dos prazos establecidos e recollidos por cada beneficiario nas dependencias do colexio. Poderán ser utilizados no establecemento que se desexe.